

ALGO MAIS CA UN XOGO



4054/6

CONCELLO DE BUEU

79

XAD

alg

M

**CLUBE XADREZ
BUEU**

'93

R-150



- 1994 -

ARQUIVO XERAL MUNICIPAL
CONCELLO DE BUEU

DATA 1993

UDE. INSTALACIÓN 4054

NÚM. EXPEDIENTE 6



O POBO OPINA

- 1.- ¿QUÉ PENSA DO XOGO DO XADREZ?
- 2.- ¿QUÉ COÑECEMENTO E OPINIÓN TEN DO "CLUBE XADREZ BUEU"?


ROSA MARÍA DIÉGUEZ PÁIS
COMERCIANTE
DIRECTIVA DE ÉRGUETE



- 1.- É un xogo de tradición árabe, que se remonta a centos de anos. Combina o aspecto táctico coa intelixencia e maila astucia. É o xogo máis espallado no mundo, e os campionatos mundiais de XADREZ espertan unha grande expectación.
- 2.- É un clube adicado á promoción e espallamento do deporte do xadrez. Posúe un grande número de xogadores cos que participa en distintos torneos rexionais e locais. Fomenta o vencellamento dos mozos co deporte e a amizade, á marxe dunha serie de gratificacións deportivas e intelectuais.

Eu invitaría ós mozos a participar de cheo pola súa riqueza formativa e sá competitividade, afastándoos dos vicios, como drogodependencia e alcohol.

MANUEL HERVA
DIRECTOR DO INSTITUTO
DE ENSINO MEDIO DE BUEU



- 1.- Pouco sabe esta humilde pluma dun xogo secular, cunha xénese incerta, aínda que xa namorara a exipcios, persas, indios, ...

Non practico este xogo, pero semella unha actividade de grande concentración mental, cunhas cualidades de abstracción e proxección de pensamento no futuro capaz de ver no "video da mente" a transcendencia de cada movemento, propio ou alleo.

Atempera o equilibrio interior da persoa, xa que, o xogador que "perda os nervios", probablemente perda algo máis. Polo tanto, reeduca a aqueles xogadores que non teñan estas virtudes suficientemente desenroladas.

2.- Non tiven a sorte de chegar a esta vila ata hai escasamente dous anos, pero, por referencias, sei dunha andaina de máis dun lustro dunha sociedade cultural loitando na sombra por educar para o durante o tempo de ocio a tódolos fillos de Bueu que sentiran esa inquedanza e decidiran achegarse.


Non coñezo, polo tanto, a evolución e andanzas do Clube ó longo destes anos, pero podo constatar, porque xa me tocou vivilo recentemente, que a semente que noutroa presentaran os seus fundadores, tan celosamente cultivada polos seus seguidores, xermolou de xeito brillante, producindo, entre outros, un Campión Galego encarnado na persoa de Ramón Santaclara, ó propio tempo alumno de COU do noso Instituto "Johan Carballeira".

Dicíamos "na sombra", e parece unha ironía dados os froitos acadados, pero sen dúbida engado tamén "sen protagonismos" daquelas persoas que coa súa entrega e esforzo firmes, faltos de tempo e escasos de recursos, fan realidade soños doutros.

Meréceme, pois, amigo Iglesias, o aplauso e felicitación sinceira a tódolos que conforman o Clube. E avogo por un apoio real e decidido, institucional e social, de toda a comunidade de Bueu.

Noraboa.


MANUEL OTERO
PROFESOR DE ENSINO MEDIO
FUNDADOR DO "CLUBE DO MAR"



1.- Creo que é un xogo moi interesante. Por un lado a xente grande atopa nel entretenemento apaixonante, e no caso dos pequenos-as, amais de servirles tamén como distracción, proporcionálles unha capacidade de concentración, análise e pensamento lóxico-anticipativo que no sistema educativo tradicional difícilmente atopa. É por isto polo que o considero un xogo moi formativo e complementario para o desenrolo equilibrado do neno-a.

2.- En canto ó coñecemento, o meu sobriño Farruco infórmame de tódalas actividades de clases, torneos, etc., nas que participan os pequenos. Sei tamén que teñen equipos federados e un excelente nivel de xogo dos seus compoñentes, como no caso do xuvenil Ramón.

A miña opinión do clube é moi positiva, polo labor que están a levar cos rapaces, partindo de escasos recursos materiais; creo que a base de adicación e fondos coñecementos, están a desenrolar unha tarefa importante no eido da mocidade.



"Participantes do Clube Xadrez Bueu no torneo MARCOTE"

RESULTADOS DA TEMPADA 1992/93

Xullo 92. Torneo Virxe do Carme - Marín:

Ramón SANTACLARA	-	Campeón ex-aequo	6 / 7
Luis COSTADO	-	4º clasificado	5,5 / 7
Manuel MORALES	-	6º clasificado	5 / 7
Salvador CASTRO	-	7º clasificado	5 / 7
Alberto PÉREZ	-	8º clasificado	5 / 7

Agosto 92. Open Internacional Virxe Peregrina - Pontevedra:

Ramón SANTACLARA	-	5,5 / 9 ==>	acada ELO nacional.
Luis COSTADO	-	5,5 / 9 ==>	renova ELO nacional.

Setembro 92. Simultáneas Mestre Internacional Glavina - Bueu:

Luis COSTADO e Ramón SANTACLARA gañan as súas partidas.
Salvador CASTRO fai tablas.

Outubro 92.

Ramón SANTACLARA é elexido mellor deportista de Bueu.

Torneo Ría de Marín:

Luis COSTADO - 5 / 7
Jaime GARCÍA - 5 / 7
Ramón SANTA CLARA - 5 / 7

Open Galaecia - Ourense:

Luis COSTADO - Campión ex-aequo co Mestre Intern. Glavina 7 / 8
Salvador CASTRO - 6º clasificado con 6 / 8.

Novembro 92. Campionato zonal-provincial xuvenil:

Ramón SANTA CLARA - Subcampeón.
Jaime GARCÍA - 3º clasificado.

Decembro 92. Campionato zonal-provincial absoluto.

Salvador CASTRO - Campión 6 / 7
Jaime GARCÍA - 4º clasificado 5,5 / 7
Luis COSTADO - 5º clasificado 5 / 7
Ramón SANTA CLARA - 6º clasificado 5 / 7

Torneo Val do Salnés. Illa de Arousa.

Clube Xadrez Bueu ==> Subcampeón cos seguintes xogadores:
Salvador CASTRO, Luis COSTADO, José GESTIDO, Alberto PÉREZ,
Antonio ANADÓN, Jaime GARCÍA, Francisco PÉREZ, Diego RIVAS,
Margarita IGLESIAS e Pablo REFOJOS.

Xaneiro 93. Final do campionato galego xuvenil - Santiago de Compostela:

Ramón Santaclara ==> Campión 6,5 / 9

O pleno do Concello de Bueu felicita a Ramón Santaclara e ó Clube Xadrez Bueu polo éxito obtido.

Ramón Santaclara imparte dúas sesións de simultáneas en Vilagarcía con 14 vitorias e unha derrota e diante dos seus compañeiros do I.E.S.P. Johan Carballeira con 14 vitorias e un empate diante de Jacobo Abel Soliño.

Torneo de Reis. Moaña:

Luis COSTADO - Subcampión 5 / 6
Salvador CASTRO - 4º clasificado 4 / 6
José GESTIDO - 6º clasificado 4 / 6

Torneo Reis Rápidas - Moaña:

Luis COSTADO - Subcampión
Salvador CASTRO - 3º clasificado

Marzo 93. 1ª división galega de clubes:

Clube Xadrez Bueu ==> Subcampión con:
Ramón SANTA CLARA, Luis COSTADO, Salvador CASTRO, José GESTIDO e Alberto PÉREZ.

3ª división galega de clubes:

Clube Xadrez Bueu "B" ==> Subcampión con:
Antonio ANADÓN, Jaime GARCÍA, Joaquín REFOJOS, Jacobo Abel SOLIÑO e Breixo AGULLA.

Clube Manuel Morales ==> 7º clasificado con:
Salvador PASTORIZA, Francisco PÉREZ, Diego HERMELO,
Rodrigo HERMELO, Diego RIVAS, Margarita IGLESIAS e Pablo REFOJOS.

Torneo Vila de Cangas:

Jacobo Abel Soliño - 3º clasificado

Torneo Universitario - Vigo:

Luis COSTADO - 3º clasificado

Torneo zonal provincial feminino:

Margarita IGLESIAS - 4ª clasificada

Torneo Peón de Ouro - Vigo:

Ramón SANTA CLARA - campión xuvenil

Abril 93. Final do campionato galego absoluto - Fene:

Salvador CASTRO - 9º clasificado

1º Campionato Intermorrazo de Clubes - Bueu:

Clube Xadrez Bueu ==> Campión con:
Ramón SANTA CLARA, Luis COSTADO, Alberto PÉREZ e Jaime GARCÍA.

1º Encontro amistoso co equipo 2º clasificado Zona Norte (Coruña - Bueu):


Ex-alcohólicos Coruña 3 - Clube Xadrez Bueu 2
 Clube Xadrez Bueu 2,5 - Ex-alcohólicos Coruña 2

cos seguintes xogadores polo Club Xadrez Bueu:
 Ramón Santaclara, Luis COSTADO, Salvador, CASTRO, José
 GESTIDO e Alberto PÉREZ.

Maio 93. Torneo San Xosé seme-rápidas - Cantoarena:

Salvador CASTRO - Subcampeón 5 / 6
 Ramón SANTACLARA - 6º clasificado 4 / 6

"Ramón Santaclara.
 Campión Galego Xuvenil"



**SELECCIÓN DE PARTIDAS.
 TEMPORADA 92/93.**

BRANCAS: ALBERTO DEVESA
 NEGRAS: RAMÓN SANTACLARA

COMPETICIÓN: Peón de Oro / 27-03-93
 COMENTARIO:

A victoria das negras nesta partida basouse nun dominio absoluto no centro e franco de rei. As brancas no seu noveno movemento renuncian á loita polo centro e acadan as súas esperanzas de victoria nun ataque polo franco de dama. Esta decisión é inferior porque agora o xogo queda nas mans das negras que son as que levan a iniciativa. Como pode verse na partida o ataque negro é imparabile dende a xogada quince, e como remate ó ataque as negras atopan a fermosa xogada Af4. Unha victoria sen tacha do noso compañeiro Ramón Santaclara.

1.d4-d5 2.c4-e6 3.Cc3-f5 4.Cf3-c6 5.e3-Cf6 6.Ae2-Ad6	7.00-Cbd7 8.Ad2-00 9.c5-Ac7 10.b4-e5 11.b5-Ce4 12.bc6-bc6	13.Da4-Tf6 14.Tfb1-Th6 15.Dc2-ed4 16.ed4-Cd2 17.Dd2-Ah2 18.Rf1-Ac7	19.Ad3-Cf6 20.Dg5-Tg6 21.Dd2-Ce4 22.Ae4-fe4 23.Ce1-Aa6 24.Rg1-Dh4	25.g3-Af4 26.Db2-e3 27.Cf3-ef2 28.Df2-Tg3 29.Rinden 0 - 1
---	--	---	--	--

BRANCAS: SALVADOR CASTRO
 NEGRAS: DAN CRUZ

COMPETICIÓN: Open Gallaecia / 24-10-92
 COMENTARIO:

Esta partida é un claro exemplo do que lles pode pasar ás negras se deixan que as brancas as dominen. O gambito prantexado polas brancas concédelles, de ser aceptado, unha certa iniciativa, o que obriga ás negras a defenderse con exactitude. Isto foi o que non soubo facer Dan Cruz, cometendo un grave erro na xogada catorce (g5). Esta xogada supón un debilitamento excesivo no enroque. Pola outra banda, Salvador Castro castigou de forma exemplar este erro, conquirindo unha victoria espectacular.

1.e4-c5 2.Cf3-Cc6 3.d4-cd4 4.c3-dc3 5.Cc3-e6 6.Ac4-a6	7.00-b5 8.Ab3-Ac5 9.De2-Ce7 10.Ag5-00 11.Tfd1-Ab7 12.Tac1-Aa7	13.e5-h6 14.Ah4-g5 15.Cg5-hg5 16.Ag6-Dc7 17.Af6-Cg6 18.Dh5-Cce5	19.Ce4-Dc1 20.Tc1-Ae4 21.Dh6-Af2 22.Rh1-Ag2 23.Rg2-Ch4 24.Rf1-Rin	1 - 0
--	--	--	--	-------

BRANCAS: SERGIO ESTREMERERA
 NEGRAS: LUIS COSTADO

COMPETICIÓN: Simultáneas / 29-11-92
 COMENTARIO:

O xogo activo desenrolado polas negras desbordou ó plantexamento conformista das brancas. A variante elexida por Sergio Estremera non é moi ambiciosa, mentras que a resposta de Luis Costado é moi arriscada. A xogada doce do branco (f3) permite, pola súa pasividade, que as negras obteñan a iniciativa e se aventuren nun prometedor sacrificio de calidade. Este sacrificio concedélle ás negras unha importante ventaxa espacial que foi, xunto cun bonito remate, o que permitiu a victoria de Costado.

1.d4-Cf6 2.c4-g6 3.Cc3-d5 4.cd5-Cd5 5.e4-Cc3 6.bc3-Ag7 7.Ab5-c6 8.Aa4-00	9.Ce2-b5 10.Ab3-Ab7 11.00-c5 12.f3-b4 13.Ae3-bc3 14.Tc1-Aa6 15.Ad5-Ae2 16.De2-cd4	17.Aa8-de3 18.Tfd1-Ad4 19.Ad5-Db6 20.Rh1-Tc8 21.f4-Dc5 22.Tc2-Cc6 23.Ac6-Tc6 24.Dd3-Tb6	25.g3-Tb2 26.T1b1-Db4 27.Rg2-Da4 28.Rh3-e5 29.fe5-Ae5 30.Dd8-Rg7 31.Dd3-Da2 32.Tb2-cb2	33.Tf1-e2 34.Tb1-Db1 35.Db1-Ac3 0 - 1
---	--	--	---	--

BRANCAS: J. ANTONIO VIDAL
 NEGRAS: JOSÉ GESTIDO

COMPETICIÓN: Liga 1ª división equipos 92 / 93

COMENTARIO:

Esta é unha partida na que as brancas non tiveron nin a máis mínima posibilidade de salvación. A partires da séptima xogada (Ad3) o dominio negro é total. O alfil en d3 e o dominio do centro fan que pouco poida facer Antonio Vidal por defenderse. Pola outra banda o ataque das negras é moi rápido e contundente, con amenazas continuas. Unha miniatura da que pode estar orgulloso o noso agresivo compañeiro (deportivamente falando), José Gestido.

1.c4-e5 2.g3-d6 3.Ag2-f5 4.Cc3-Cf6	5.e4-Cc6 6.ef5-Af5 7.Cge2-Ad3 8.Da4-Dd7	9.b3-Ae7 10.Ab2-a6 11.b4-00 12.Db3-Dg4	13.Ac6-bc6 14.h3-Df3 15.Th2-Ce4 16.Cg1-Dg3	17.Ce4-Dg1++ 0 - 1
---	--	---	---	-----------------------

BRANCAS: JAVIER HONRUBIA
 NEGRAS: ALBERTO PÉREZ

COMPETICIÓN: Open Gallaecia / 24-10-92

COMENTARIO:

Non se pode dicir que a victoria das negras sexa espectacular, pero si que é merecida. A defensa realizada polo negro é practicamente perfecta, reaccionando no intre preciso e calculando máis alá do que o fixo o branco. A perfecta posición defensiva das negras permitiulles evitar un mate en g7, que sería posible de non estar en d7 a Dama negra, por medio de 20.f6,... 21.Dg7++. Nesta partida Alberto Pérez fai unha boa defensa sen perde-la calma en ningún momento.

1.e4-c5 2.Cc3-d6 3.g3-Cc6 4.Ag2-Cf6 5.f4-Ag4	6.Cf3-Dd7 7.h3-Af3 8.Af3-e5 9.d3-Ae7 10.Ag2-Tb8	11.00-00 12.f5-b5 13.g4-b4 14.g5-bc3 15.gf6-Af6	16.Dg4-cb2 17.Ah6-ba1=D 18.Ag7-Df1+ 19.Af1-Ag7 20.Dg5-f6	21.Rinden 0 - 1
--	---	---	--	--------------------

BRANCAS: GUMERSINDO RODRÍGUEZ
 NEGRAS: SALVADOR CASTRO

COMPETICIÓN: Liga 1ª división de equipos 92/93.

COMENTARIO:

Este é outro exemplo do plantexamento pasivo por parte das brancas que permite, con xogo correcto, que as negras igualem pronto. O negro respondeu ben, e na oitava xogada (Cg4) crea unha forte debilidade na estrutura de peóns das brancas. Co ataque a esta debilidade as negras gañan calidade, aínda que teñen que xogar con coidado. Salvador, máis tarde, vese obrigado a quedar con dúas torres e alfil por dama e, aínda que ten a partida gañada, ha de conquistar

a victoria con técnica, como nos demostra. Este é un bo exemplo de cómo ha de xogarse con material desigual.

1.e4-c5 2.Cf3-Cc6 3.d4-cd4 4.Cd4-g6 5.c3-Ag7 6.Ae3-Cf6 7.Cbd2-d6 8.Ad3-Cg4 9.00l-Ce3 10.fe3-00	11.Tc1-Ce5 12.Ae2-Ah6 13.Cc4-Cc4 14.Ac4-Ae3 15.Rh1-Ac1 16.Dc1-e5 17.Cf3-Aa6 18.Dh6-Ac4 19.Cg5-Dg5 20.Dg5-Af1	21.b3-Aa6 22.h4-Ae2 23.h5-f6 24.Dd2-Ah5 25.Dd6-Rg7 26.c4-g5 27.b4-Ag6 28.Dd5-b6 29.a4-Tad8 30.Dc6-Td4	31.a5-Ae4 32.Db5-Ad3 33.ab6-Ac4 34.Dc5-ab6 35.Db6-Ad5 36.b5-Tf7 37.Rh2-Td2 38.Dd6-Tg2 39.Rh3-Td2 40.Db4-Td3	41.Rh2-Tc7 42.Db2-Tb3 43.Dd2-Tb5 44.Rg3-h5 45.Dd3-Tb3 46.Rinden 0 - 1
---	---	--	--	---

BRANCAS: LUIS COSTADO
 NEGRAS: ALEJANDRO DE LEÓN

COMPETICIÓN: Liga de 1ª división equipos 92/93

COMENTARIO:

O conductor das brancas, fiel ó seu carácter, inicia un forte ataque dende o principio e, aínda que dempóis pode elixir continuacións máis tranquilas, continúa con máis violencia se cabe. Na xogada dezaioito (Df7) consegue evitalo enroque do monarca negro, sen embargo, o máis interesante é o sacrificio de dama da xogada vintetrés (Db7). Con éste o ataque do branco faise moi potente, ata o punto de que as negras quédanse sen xogadas útiles; mentres que o branco pode leva-lo rei enemigo ata o seu campo e alí envolvelo nunha red de mate, que só pode evitarse coa entrega da dama (De León abandona antes de que isto suceda).

1.e4-c5 2.Cf3-Cc6 3.d4-ed4 4.Ac4-Ac5 5.c3-d3 6.b4-Ab6 7.a4-a6 8.Db3-De7 9.00-d6 10.a5-Aa7	11.b5-ab5 12.Db5-Ad7 13.Db7-Tb8 14.Da6-Ac5 15.Ad5-Ce5 16.Ce5-de5 17.Aa3-Cf6 18.Af7-Df7 19.Ac5-Ab5 20.Da7-Rd7	21.Ab6-Rc6 22.Ca3-Tb7 23.Db7-Rb7 24.Cb5-Ce4 25.Ae3-Ta8 26.Tfb1-Rc6 27.a6-d2 28.f3-d1=T 29.Td1-Rb5 30.fe4-De6	31.Td5-Rc4 32.a7-h5 33.h3-c6 34.Ta4-Rb3 35.Tda5-Dd6 36.c4-Dd1 37.Rh2-Dd6 38.c5-Dd7 39.Ta6-De7 40.Ta3-Rc2	41.T6a4-Df7 42.Ag5-Dg8 43.Tf3-Rb2 44.Taa3-Dc4 45.Tad3 Rinden 1 - 0
--	---	---	---	---

Luis Costado, ó fondo, medita unha xogada



CLUBE XADREZ BUEU


Datos estadísticos:

**SUBCAMPIÓN DA 1ª DIVISIÓN GALEGA.
SUBCAMPIÓN DO TORNEO VAL DO SALNÉS.
CAMPIÓN DO TORNEO INTERMORRAZO DE CLUBES.**

A OPINIÓN DOS PROTAGONISTAS:

José Gestido:

Presidente do Clube Xadrez Bueu.
3º Clasificado zonal-provincial seme-rápidas 1991.
Varios anos 1º taboleiro do Clube Xadrez Bueu.



JOSE GESTIDO


¿A qué sabe o subchampionato acadado?

Acada-lo segundo posto sexa no torneo que sexa é algo que enche de ledicia, tendo en conta que o ano pasado soamente acadámo-lo octavo.

A principio da tempada acada-lo segundo posto era a meta que perseguíamos pois entendíamos que o primeiro era moi caro por mor do Colexio Marcote que contaba nas súas filas cun Mestre FIDE.

Finalmente os tres puntos que nos separaron do 3º clasificado non denotan a dificultade que tivemos para chegar arriba, pois na quinta rolda tan só eramos octavos tras un comenzo desastroso perdendo tres dos cinco encontros. Sabiamos que había un bo equipo pero non acababan de chega-los resultados, temendo incluso non acadar un dos catro primeiros postos finais. Pero a partir deste momento escomenzouse a funcionar, non se deu tregua, gañando tódolos partidos dunha forma contundente, e na penúltima rolda deuse un paso decisivo para acada-lo segundo posto derrotando ó ata entón segundo o Orfeón Ourensán.

En definitiva, algo que ó principio da tempada parecía claro, na práctica costou moitísimo acadalo, polo que a satisfacción do equipo foi enorme.



"José Gestido saúda a Heladio Otero na liga de equipos"



Salvador Castro:

Campeón zonal-provincial 1992/93.
Subcampeón 91/92.
3º clasificado 88/89.
Finalista do Campionato galego 1993.
Campión Universitario distrito de Vigo 1985.



SALVADOR CASTRO

¿Cáles son as aspiracións do equipo na 1ª división?

Entendo que as aspiracións son as máximas, non podo descartar nada no futuro cando se soña, cando se teñen utopías, estanse a facer topías, realidades palpables.

Sei que a preferente é a NBA do xadrez, que economicamente non é rentable pero soño con estar nela.

Luis Costado:

Subcampión zonal-provincial 88/89.
3º zonal-provincial xuvenil 88/89.
Campión Universitario 91.
1º/2º no Open Galaecia 1992.
2150 pto ELO.



LUIS COSTADO

¿Satisfeito da tempada ?

¡Non podo estar satisfeito! Pero que ninguén pense que as actuacións do clube foron malas. ¡Todo o contrario!, os resultados así o proban, pero polo meu carácter ambicioso non podo estar satisfeito, sobretudo por algunhas partidas propias.

Como novo membro do Clube Xadrez Bueu nesta tempada creo, sen desmerecer a ninguén, que a miña opinión pode ser máis obxectiva. A miña experiencia noutros dous clubes da mesma categoría ca éste, fixo que tivese unha idea dun clube de xadrez como "algo" que só servía para xogar ó xadrez; pero neste caso podo dicir con toda convicción que este é algo máis ca un clube. Dá gusto reunirse dúas veces por semana, grandes e mozos, mozos e grandes ... en definitiva esta é unha grande familia unida por un vencello común: O Xadrez.

Encanto os resultados deportivos, que se poden ver na páxina correspondente, creo que se pode pedir algo máis, pero non moito máis.

En definitiva temos un gran Clube Xadrez e seguiremos loitando para que sexa máis forte aínda.

Só lles pido unha cousa: APOIEN Ó SEU CLUBE .

Alberto Pérez:

3º no torneo de Reis de Moaña 87.
Subcampión Campionato Galego de empresas
con Caixa Vigo 92.
2065 puntos ELO.

ALBERTO PEREZ


¿Qué é para tí este Clube non sendo de Bueu?

Eu non son de Bueu no sentido físico de ter nacido aquí, pero sí son de Bueu no aspecto afectivo dende moito antes de pertencer ó Clube, por razóns familiares e sentimentáis.

'O longo da miña vida invertín moitas horas neste pobo, polo tanto, non debe estrañar que, xogando ó xadrez, rematara máis tarde ou máis cedo no clube de Bueu, aínda que o ingreso fora, nun principio, debido ó azar.

Ben, feitos os preámbulos, imos ó gran. Para min este clube significa, ante todo, facer ben as cousas. E daría igual que fora un clube de xadrez, de badminton ou de petanca; faríase ben igual por un motivo ben claro: hai espírito de clube.

¿Qué quere dicir espírito de clube? Pois, segundo o meu modesto entender, o seguinte: unha boa organización, realización de grande cantidade de actividades e, sobor de todo, que tódolos seus membros se senten a gusto pertencendo, traballando, e en definitiva, disfrutando del.




Crédeme, non esaxero en absoluto se digo que o Clube Xadrez Bueu ten todo isto e máis. Non coñezo outros clubes de Bueu, pero si, en xeral, moitas outras asociacións deportivas. E podo dicir sen lugar a dúbidas, que este é do mellorciño, e é doado comprender porqué os seus membros se senten orgullosos de pertencer a el, e porqué se acadan moitas das metas que se propoñen.

Eu, polo tanto, tamén me sinto orgulloso de pertencer a el, aínda que sexa, como xa dixen denantes, de refilón e por casualidade.

Deixádeme entón que, para rematar, vos faga unha proposta; se soportástedes ler este artigo ata aquí, acompañádeme tamén berrando alto a expresión romana dun desexo: -¡Longa vida ó Clube!

Ramón Santaclara:

Campión galego xuvenil 93.
Subcampión zonal-xuvenil 92/93.
Subcampión zonal-provincial seme-rápidas 91.
Subcampión Virxe do Carne Marín 92.
Membro da selección galega xuvenil.
1º taboleiro do Clube Xadrez Bueu 93.



RAMON SANTA CLARA

¿Qué significa para tí se-lo primeiro taboleiro do Clube?

Se-lo primeiro taboleiro de xadrez dun clube representa unha grande ledicia para mín, aínda que conleva unha grande responsabilidade.

É unha ledicia persoal xa que a xente confía nas miñas posibilidades xadrecísticas e venme coas cualidades dabondo como para xogar de 1º taboleiro.

Á vez conleva moita responsabilidade xa que teño que me enfrontar cos mellores xogadores galegos, isto permite aumenta-lo meu nivel xadrecístico ó querer estar á altura dos mellores sen querer face-lo ridículo.



"Alberto Pérez prepara o contraataque".

O XADREZ, ALGO MÁIS CA UN XOGO

A pouco de chegar ó poder Jomeini prohibiu o xadrez por xogo do díaño, a revolución de Mao queimou xogos de xadrez nas prazas públicas porque as súas pezas simbolizaban o poder feudal, anos máis tarde queimarían estudantes. Por contra Vladimir Illich Lenin consideraba o xadrez un xogo ó servicio da revolución. A UNESCO considera o xadrez un instrumento para medi-lo nivel cultural dun pobo e o Mestre Tchakurian considera que o xadrez é un xogo por enriba das posibilidades dos humanos e que foi traído á terra por seres doutros mundos.

¿Qué é o xadrez que suscita tales opinións?

Para algúns o xadrez é un xogo, unha faceta máis do ocio, unha ciencia, unha actividade sometida a leis que poden ser demostradas empíricamente; un deporte coas súas competicións, os seus rankings ... para outros unha arte, unha semiótica capaz de expresalo todo, de expresar a un mesmo.

Nunha ocasión preguntáronlle a Boris Spassky qué era o xadrez, e dixo que o xadrez era coma a vida. Comentáronlle esta opinión a Bobby Fischer, alporizouse e sulíñou que o xadrez é a vida, tal vez esta afirmación sexa unha hipérbole, pero para os mozos que participaron nun programa de rehabilitación de drogodependentes a través do xadrez, este era un xeito de recupera-lo senso da vida, para os oligofrénicos que xogando ó xadrez chegaron a sonrir por primeira vez é un descubrir unha emotividade fonda.

Para os xogadores de xadrez as partidas son paisaxes, sensacións contemplativas que fan que os nomes dos outros estean escritos nas xogadas, son parte dunha intimidade que nos vencella máis alá de seis horas xuntos.

Este espacio quere ser unha invitación, ás veces unha provocación, se de verdade queres sentir dinamismo, se tes ideas e queres amosalas, hai un taboleiro cheo de aventuras. **APÚNTATE Ó XADREZ.**

CLUBE XADREZ BUEU


HORARIO: Martes .- 19:00 ata 22:30

Venres .- 20:00 ata 23:00

Sábado .- 10:00 ata 13:00

LOCAL : Casa da Cultura.

INSCRIPCIÓN : Gratuita.



DE PROFESIÓN MONITORES

O monitor é coma un xeneral que prepara as súas tropas para a guerra.

O monitor prepara ós nenos para un xogo creativo, unha actitude nada conformista, un xogo enriquecedor, entretemento intelectual e un xeito amable de amplia-lo noso círculo de amizades.

O tempo que antes nos fallaba, e do que agora dispomos enriquecése cunha actividade creativa que nos mantén en forma e fainos facer amigos novos.

Para un monitor o taboleiro é un campo de batalla por definición, dentro dos seus bordes se desenrola un combate sometido a determinadas regras, que terá que ensinar ós seus alumnos.


O xadrez é vida social polos seus valores formativos, o xadrez axuda ós nenos dende a infancia a se converter en membros activos e responsables da sociedade.

Cando dous nenos se sentan diante dun taboleiro de xadrez non teñen en conta nin as 64 casiñas, nin as 32 brancas nin as 32 negras que se dispoñen alternativamente, ou que os cadros sexan da mesma anchura e longura, que cada lado ten oito casiñas... etc.

O que sí saben é que a posición do taboleiro respecto dos xogadores non é caprichosa, sempre debe se-la mesma, segundo o regulamento que di: "A casiña branca á dereita".

Tamén saben que o rei é a peza por autonomasia, a clave do xadrez, xa que o obxectivo deste xogo é captura-lo rei adversario. Esta captura que determina o fin do encontro coñécese co nome de xaque mate.

Joaquín Relojos.



"SONRISOS"

J.Ramón Santaclara gaña o campionato galego xuvenil.

Salvador Castro gaña o campeonato zonal provincial e obtén o dereito a participar no campionato de Galicia absoluto.

Malia a baixa de Alberto Pérez o Clube Xadrez Bueu non se resente.

O encontro-convivencia co Clube Ex-alcóholicos de A Coruña.

"BAGOAS"

O equipo da 1ª división tras un mal comenzo de liga perde as posibilidades de triunfo final.

Alberto Pérez causa baixa por enfermidade durante un mes.

O equipo "B" tampouco logrou o triunfo na 3ª división.

"que toda la vida pasa
por este cristal de mi ventana
y la muerte también pasa."
León Felipe.

Hai case un ano José M.Dios xadrecista da Illa de Arousa, amigo dos nenos e de todos, deixounos mentras traballaba nas bateas, aquí vai a nosa pequena lembranza e homenaxe en forma de partida.

BRANCAS: Salvador Castro

NEGRAS: Jose M. Dios

Xogada o 10 de Novembro de 1990

1.e4-e5
2.Cf3-Cf6
3.Ce5-d6
4.Cf7-Rf7
5.d4-Cc6
6.Cc3-Ae7

7.Ac4-Rf6
8.f0-Ag4
9.f3-Ah5
10.Ce2-Ce4
11.f4-Ae2
12.De2-Cd4

13.Dh5-g6
14.Af7-Rd7
15.Dg4-Rc6
16.Ad5-Rb6
17.Dd1-c5
18.c3-Cc6

19.b4-Rc7
20.bc5-dc5
21.Tf7-Ce5
22.Af4-Dd6
23.Ab7-Dd1
24.Td1-Tae8

25.Ae5-Rb7
26.Ah8-Rinden
1 - 0

RECURSOS SORPRENDENTES

As veces, os grandes mestres chégalles a hora de ter que se balancear o borde do abismo, cara a cara co desastre. Nestas situacións afeccionados coma vostede e coma min afundiríamonos e abandonaríamos sen apenas combater.


É precisamente en tales ocasións que os grandes mestres demostran a súa capacidade de ataque. Admirén cómo buscan recursos que poderíamos dicir que son o demo da inxeniosidade.

Na posición do diagrama (fig.1) a situación das negras é crítica. Co adversario a punto de coroar moitos xogadores non se avergoñarían de abandonar.

Se hai ocasión de se salvar será porque os peóns pasados están na sexta fila. Se non fose polo alfil branco ... ¡Unha idea! 1. ... Tc3!! As negras eliminaron o alfil pero abandoar? 2.g8=D Cd2 3.Ra1

Agora semella que as negras non teñen continuación. Se 3. ... b2 4.Ra2 e quedan bloqueadas as posibilidades negras de coroación. Pero Krogius (conductor das negras) atopa unha xogada verdadeiramente espectacular, unha xogada tan inesperada que semella tola 3. ... Tc1!!

A resposta branca é única. Só teñen que capturar a torre e agardar as intencións do negro. Vexamos: 4.Tc1 b2 5.Ra2.




Vexamos o segundo diagrama (fig.2). As brancas, no fondo, están aliviadas porque esperan 5. ... bc1=D e logo xogarán 6.Db8 con taboas por xa que continuo máis ... 5. ...bc1=C

A mellor resposta é 6.Ra1 Cdb3 7.Rb1 a2 8.Rc2 a1=D e as negras gañan.

Máis xogaron 6.Rxa3 e 6.Cc4++.

Esta é unha das posicións máis fermosas que xamais vin nun taboleiro de xadrez, todo o mérito é da elegante ximnasia dos cabalos axudando ós peóns.



LUIS COSTADO

O CLUBE XADREZ BUEU "B"

O equipo "B" do clube xadrez, que participaba no campionato de 3ª división, con catro xogadores de bo nivel como son Anadón, Jaime, Quino e Jacobo.

Tentaba subir de categoría, para iso tiñan que por todo o seu empeño na primeira partida que os enfrentaba o Chigorín de Cangas, non houbo sorte pois saíron derrotados por un contundente 3-1 onde só Jacobo A. Soliño conseguía o punto cunha boa partida, non se pode dici-lo mesmo de Anadón, Jaime e Quino que saíron derrotados polas súas malas partidas.

Na seguinte xornada celebrada en Pontevedra volveron ás andadas onde só gañou novamente Jacobo e Jaime entablou, punto e medio de catro: un mal resultado.

Na 3ª rolda tampouco se gañou 4-0 a Dorna con victorias de Anadón, Quino e Jacobo que rexurdían despóis dun mal comenzo, perdeu Jaime.

Nas roldas 4ª, 5ª e 6ª todo semellaba doado pois gañouse respectivamente a Liceo Casino de Marín, Fontecarmoa de Vilagarcía e Manuel Morales por 4-0.

O Manuel Morales de Bueu onde participaban Salvador Pastoriza, Diego Hermelo, Diego Rivas e Pablo Refojos puxérono moi difícil.

Na rolda 7ª co San Clemente de Caldas perdéuse medio punto nunha mala partida de Anadón gañando o resto dos seus compoñentes.

Na 8ª rolda gañouse 4-0 o Mercantil de Caldas.

Na 9ª e derradeira xornada disputada en Vilagarcía gañouse por 3.5 a 0.5 onde volveu fallar Anadón novamente.

O equipo quedou sen opcións de ascenso aínda que conseguía un meritorio subcampeonato.

Hai que resalta-lo magnífico torneo realizado por Jacobo Abel con 9 ptos de 9 posibles, non se pode dici-lo mesmo de Anadón, Jaime e Quino dos que se esperaba máis.

Agardar ó ano que vén e sorte rapaces.



"O Clube Xadrez Bueu "B".
Na foto: Anadón, Jaime, Jacobo e Breixo"

Cuando hace veinte años traté de iniciar en Bueu un núcleo participativo en una actividad que me era querida y en cuya iniciación ya tenía una experiencia (había colaborado en la creación de un club de ajedrez en León), nunca imaginé que los resultados podrían llegar a ser los que existen en la actualidad.

El objetivo inicial era conectar con un grupo de personas que, fundidas en el crisol del juego, se convirtiesen en amigos y, la afirmación de la amistad, necesitase del mismo juego como combustible.

Hubo unos años de desanimo en los que la idea pareció fracasar. La tierra en la que la teórica "semilla" había caído resultaba estéril.

Moaña presentaba, aparentemente, una más fértil. Después de los años he podido comprobar que no tengo dotes premonitorias; en el apático huerto que me pareció Bueu, había un pequeño rincón de tierra excepcional, tierra con nombres y apellidos: Salvador Castro y José Gestido.

He podido constatar, con mi experiencia, que entre los jugadores de ajedrez existe, en general, una cierta dosis de egoísmo, les gusta jugar, cultivar un ego narcisista basado en esa habilidad que poseen (desarrollada, por cierto, con bastante trabajo personal), pero no suelen colaborar en la difusión de la actividad que les proporciona dichas posibilidades y, sus estrechas miras, les mantienen ciegos ante otro tipo de actividades mucho más gratificantes.

Lo que Salvador y Gestido iniciaron iba por otros derroteros. Crearon un club cuya misión no iba a consistir, únicamente, en legalizar un club que permitiese competir a nivel federado; el club sería el aglutinante para difundir el juego a los niños y jóvenes de Bueu y crear entre ellos una fuerte identidad local y personal que pudiese llevarse con argullo.

En otros artículos de esta revista se habla del ajedrez analizandolo desde el punto de vista del arte, de la ciencia, del deporte e incluso desde su capacidad pedagógica y didáctica, en cuanto a la estructuración del cerebro en una forma lógica de pensar, yo prefiero hacer hincapié en otro aspecto, su función de educación social.

Es gratificante ver a unos muchachos, unidos codo con codo, luchando en equipo, por su afirmación personal, a la vez que aportando su granito de arena a los éxitos del conjunto, éxitos que potencian la identidad de Bueu.

Es sorprendente contemplar como son capaces de vencer a rivales de otros clubs con mayores recursos técnicos, materiales y humanos, superando estas deficiencias con tesón, compañerismo y fuerza de voluntad.

No se puede olvidar la importante lección que supone la derrota, al analizar las causas de la misma, al aceptarla deportivamente, al experimentar el afán de superación que debe surgir de ella...

Es consecuencia de todo esto la aparición espontánea de una amistad granítica, sólida y perdurable. ¿Qué más se puede pedir?

Quiero terminar este pequeño artículo, escrito más con el corazón que con la cabeza, animando a Salvador, a Gestido, Quino, Iglesias, Anadón, Costado, Alberto y a cuantos se han ido uniendo a este proyecto que no flaqueen en el mismo. No deis la menor importancia a las zancadillas, tratad de superar cualquier inconveniente que se presente. Los muchachos de este pueblo y yo personalmente os lo agradeceremos.

Manuel Morales Gómez

"Manuel Morales
co seu amigo de sempre,
Francisco Junca"



O MANUEL MORALES

"Caminante no hay camino
se hace camino al andar"
Antonio Machado.

Cando comezamos a reflexionar acerca das necesidades de formación dos nosos nenos decatámonos de que unha competición continuada era necesaria, que os nenos non debían estar parados nove dos doce meses do ano, que precisaban poder desenvolver-las súas cualidades ó longo de máis tempo baixo a atenta mirada dos seus monitores. O equipo Manuel Morales xorde con esta idea, a de dotar dunha competición ós nenos que lles permitise practica-los contidos aprendidos na escola.

Dacordo cos presupostos do clube, o desenvolvemento adquirido, os monitores da escola de Bueu seleccionaron para este equipo a Salvador Pastoriza, Francisco Pérez, Diego e Rodrigo Hermelo, Diego Rivas, Margarita Iglesias e Pablo Refojos.

Os resultados xerais poden calificarse de bos, unha clasificación pola parte media da táboa sen perder 4-0 con ninguén (agás os seus "xefes" do B) para un equipo de 12 anos de media.

Se analizamo-la realidade por taboleiros veremos que no 1º taboleiro conseguiron só dous puntos de 9 (22.22%), sendo estes dous puntos conseguidos por Salvador Pastoriza de 15 anos. No segundo taboleiro 3 de 9 (33.33%) ptos conseguidos por Francisco Pérez (1) e Diego Hermelo (2). No 3º 3/9 ptos (33.3%) sendo Rodrigo Hermelo con 1 e Diego Rivas con 2 os que puntuaron, e 5/9 (55.5%) no 4º taboleiro para Diego Rivas (3) e Pablo Refojos (2).

Pola súa banda Margarita Iglesias de 11 anos inmersa no campionato zonal provincial feminino só tivo unha participación con derrota, non sen presentar forte resistencia.

En definitiva, un equipo cheo de futuro e onde está a xerminar-la semente do Clube Xadrez Bueu do ano 2000.

"O Manuel Morales.
Na foto: Salvador Pastoriza,
Farruco Pérez, D. Hermelo e
Pablo Refojos"



O XADREZ NA VIDA DUN NENO

Un taboeiro con pezas e dous xogadores. Están absortos no xogo, concentrados, tentando analizar polo miúdo a posición que se presenta diante dos seus ollos. ¿Moverei o cabalo? ¿Hei toma-lo seu bispo?, ¿Seica darei un xaque?.

O que xoga coas pezas brancas non se chama Kaspárov, o seu adversario non ten por apelido Kárpov. Trátase, sinxelamente, de dous nenos xogando ó xadrez, coa seriedade coa que fan as cousas os rapaces. Saben que están a practicar un xogo moi especial, un xogo no que cómpre da-lo mellor dun mesmo, un deporte no que é preciso xulgar cal vai se-lo mellor movemento, a mellor liña de xogo. Iso é o que pasa no xadrez, pensarán os nenos. Iso é o que ocorre na vida, pensaremos nós.

Un lóstrego estoupa de súpeto na mente dun dos xogadores. ¿Pode ser?. ¿Qué ocorre se tomo o peón de rei?. El seguramente capturará co cabalo, entón eu tomarei coa dama. Más...El dará xaque e perderei a partida. Teño que seguir analisando...

Imponse o sentido da responsabilidade. Non se pode, non se debe, mellor dito, non se debería obrar sen calcula-las consecuencias dos nosos actos. ¿Cántas veces esquecemos isto? Seica o raparigo non pensa nesas miudezas de xente maior. A súa única preocupación é agora, a partida que ten entre mans, a arela de xogar o mellor posible, o anxeio de se superar a si mesmo. Iso debe se-lo xadrez, matinará o neno. Iso debe se-la vida, diremos nós.

A partida entra agora nun momento de alta tensión. Mesmo as pezas pretenden agora ter vontade propia no emtrambilicado labirinto do taboeiro, case coma se quixeran xogar soas, alleas ó mando que sobre elas tentan exercer-los contrincantes. Mentres, os reis, figuran paxaros engaiolados entre as rellas dos peóns dos enroques. Calquera erro pode ser decisivo. Os rapaces esfórzanse en atopar algo que lles dea a victoria, un plan, unha xogada agochada. Cada un deles ten presente que o seu compañeiro, rival ocasional, está a matinar precisamente no mesmo. E un non pode deixar de pensar o que está diante tamén sabe o que está a facer.


O xadrez ensínanos a respetar ós demáis, a aprender a entender ós que son coma nós, e sen embargo tan distintos de nós. ¿ É o xadrez unha escola para a vida, unha simulación da vida, e nos nosos rapaces os seus mellores alumnos?.

O encontro está chegando ó seu remate. Un dos rapaces conseguiu unha vantaxe decisiva, o cumio da súa pequena obra. O outro xogador, coa dor reflexada no rostro, - porque perder doe, e non só no xadrez- tende unha man ó seu compañeiro en sinal de abandono.

Os rapaces saen da escola de xadrez. Inda persisten os ecos da partida e andan, ledos, comentando os seus pormenores. Intúen - seica aínda non saben- que gañar ou perder ten unha importancia relativa. O que realmente conta é que eles son amigos, que teñen unha afección común, que se divirten facendo cousas xuntos, que entenden o significado de convivir.

Porque para eles, realmente, a maior parte das actividades, e entre elas o xadrez, son un pretexto para estar cos amigos e disfrutar. ¿ Alguén dirá que os nenos non saben o que queren?

António Anadón Máñez



"Antonio Anadón.
Concetración total"

FALA A DIRECTIVA

A directiva deste clube non pode menos que felicitar a tódolos seus compoñentes pola excelente campaña que se está a facer. Seguramente ningún contaba con que soamente en 6 anos de vida se poideran acadar cotas tan elevadas.

Din os estudiosos da materia que se necesitan de 10 a 15 anos para ver os resultados dunha escola de xadrez; entón hai que preguntarse por qué este clube obtén tan cedo estes éxitos. Pois débese nin máis nin menos que o traballo ben feito, con ilusión, con sacrificio dunha serie de persoas que dan moito de sí para que siga todo adiante, porque detrás dunha partida hai moitísimas horas que non se ven, pero que hai que emplealas tanto se se acadan os obxectivos coma se non.

O palmarés do Clube Xadrez Bueu tan só nesta tempada, pódese considerar como doutra galaxia, e que daría envexa a máis dun clube, pois conseguir un campionato zonal individual absoluto, un co-campionato zonal xuvenil, un finalista galego absoluto e un campión galego xuvenil non é algo que pasa tódolos días, nen sequera tódolos anos. O Clube xadrez Bueu estivo presente en tódolos foros xadrecísticos oficiais da rexión, deixando o nome de Bueu moi alto.

Nembergantes, estes bos resultados non veñen seguidos do apoio institucional que cabería esperar. Parece increíble que este clube se poida soste sen ningún tipo de axuda económica, non contando dende o ano 90 con ningunha axuda tanto do concello coma da Xunta. Ben sí, enténdese que se manteña se nos custa cartos a cada un dos membros do Clube, se temos que poñer-los nosos coches pra que os rapaces acodan ós campionatos, se temos que poñer-los nosos teléfonos para contactar con outros equipos, coa Federación, etc. Se os resultados seguisen unha estricta relación directa cos medios económicos, seguramente xa non existiría este clube.

Cada ano imos a máis, fanse moitas actividades, acódesse a maior número de torneos, concentracións, etc., a infraestrutura faise complexa, e con escasos medios é difícil, por non dicir imposible que se poida seguir esta progresión, é difícil que non rompa por algún lado, e entón todo o traballo que se pasou para chegar aquí resulta baleiro. Por iso dende esta modesta tribuna apelamos á conciencia dos nosos dirixentes para que dunha vez por todas poñan os medios oportunos para continuar co noso labor.

Unha das necesidades máis imperiosas que tiña o clube veuse por fin cuberta en parte coa aportación dunha entidade financeira dun armario, que se ben non estaba nas mellores condicións, si vale para sacarnos dun apuro, pois o material cada vez máis inxente non podía seguir estando polas casas particulares.

Cara ó futuro, e dado que esta actividade do xadrez xenera unha enorme cantidade de datos día a día, faise indispensable contar cun soporte informático que nos axude a tratar esta información para poder ser mellor aproveitada. Un corrente ordenador persoal cun custo de non máis de cen mil pesetas sería de momento

suficiente, pero mirenen vostedes o mal da nosa economía que nin iso podemos mercar, cando calquera clube de "medio pelo" ten un ou dous á súa disposición. Aquí teremos que seguir agardando.

Finalmente, queremos e desexamos contar con todas aquelas persoas que estean dispostas a aportar o seu gran de area para que se poidan seguir colleitando máis éxitos e poidan en calquera momento relevar ós que agora mesmo estamos a levar as rendas deste clube, e seguros estamos de que se poden face-las cousas moito mellor.



"Salva, Gestido, Costado e Ramón.
O Clube Xadrez Bueu en Celanova"

FALANDO DE TODO UN POUCO

Como sabedes, a historia do xadrez está chea de anécdotas e datos curiosos. Neste caso, vamos a contar algúns deles relacionados coas matemáticas:

1. *¿Cantos movementos pode chegar a ter unha partida de xadrez?*

-En 1.911 un inglés chamado T.R.DAWSON calculou que eran 5.900.

-Nembergantes, en 1.926 publicóuse que había un erro de dous movementos, polo tanto o límite quedou en 5.898.

-Pero a cousa non queda aquí, pois actualmente, e despois de que moitas mentes pensantes lle deran moitas voltas ó tema admítese como solución correcta a seguinte: 5.899 movementos, sendo o derradeiro cando o rei branco toma unha peza negra e quedan só os dous reis (os máis destacados autores están dacordo nesta cifra por parecerlles absurdo seguir cos dous reis só).

-Está claro que este dato non ten utilidade práctica posto que unha partida real é difícil que supere os 200 movementos. De tódolos xeitos o tema non está pechado nin moito menos, e calquera día aparecerá alguén que tentará demostrar que é erróneo. Se queredes animarvos, xa sabedes, pero connosco non contedes.

2. Propoñémosvos un xogo doado e entretido.

Hai 8 series de movementos que comencan coa posición inicial e rematan en mate ó segundo movemento das negras ¡oiito!
Por exemplo: 1.f3-e6 2.g4-Dh4++.

¿Cáles son as outras sete series? É moi doado.

A cousa complícase se teñen que dar mate as brancas, pois só poden facelo no terceiro movemento, e hai 347 series de mate, neste caso non o intentedes.

Alberto Pérez Costa

A CABEZA DO ICEBERG

Salvador Castro e Ramón Santaclara convertíronse, nesta tempada, na cabeza deste iceberg chamado CLUBE XADREZ BUEU.

Ramón Santaclara gañou o campionato galego xuvenil, clasificándose así para o campionato de España. Rematou 2º empatado có 3º no zonal provincial xuvenil. Compartiu o primeiro posto no Virxe do Carmo de Marín. Logrou ELO nacional no Virxe Peregrina. Foi o primeiro taboleiro do clube durante a tempada na liga.



"Ramón en primeiro plano
medita a súa xogada"

Salvador Castro gañou o campionato zonal provincial logrando clasificarse para a final do campionato galego absoluto, na que non tivo unha boa actuación, de calquera xeito pelexou ben cos mellores. Gañou o torneo de partidas rápidas deo V Festival de Xadrez. Logrou o 6º posto no Open Gallaecia de Ourense onde Luis Costado compartiu o 1º posto co Mestre Internacional Pablo Galvina, e quedou subcampión do torneo San Xosé de Cantoarea. Foi o 1º taboleiro do Clube no Torneo Val do Salnés.



"Salvador Castro nunha partida diante de Mariano Vázquez"

Salva e Ramón non son o triunfo dun talento extraordinario senón dun traballo común e un esforzo de equipo, un triunfo de espírito do Clube Xadrez Bueu.

BUEU NA PRENSA

O longo da curta vida do Clube Xadrez Bueu, acadáronse logros deportivos de gran importancia. O xadrez tamén estivo nas reivindicacións que afectaron o noso pobo (pabillón, instituto, etc.).

Todo isto foi reflexado pola prensa.

Plano individual: _____

50 El Correo Gallego. Jueves, 7 de enero de 1993

Ajedrez

Santaclara se adjudicó el X Campeonato Gallego juvenil

Pablo Refojos, buenense de nueve años, en la selección española de ajedrez

Ramón Santaclara, do Clube Xadrez Bueu, campeón do "V Torneo Peón de Oro"

Paro de Vigo, domingo 2 de septiembre de 1990

Salvador Castro, elegido mejor deportista de Bueu

R.T.

Piracán del Deporte Xadrez Luis Costado, do Clube Xadrez Bueu, comparte o primeiro posto co mestre internacional Galvina, no "II Open Gallaecia"

Noticiero Cultural. Xadrez

Salvador Castro, campeón zonal-provincial absoluto

Entre os seis primeiros clasificados encóntranse catro xogadores do clube

Plano colectivo: _____



O Clube Xadrez Bueu, segundo clasificado da primeira división galega

Noticiero Cultural. Xadrez

O Clube Xadrez Bueu, voltou a dar unha alegría o pobo, o clasificarse subcampión do "Torneo Val do Salnés"

Sábado, 22 de agosto de

El Bueu se adjudicó el San Roque de ajedrez

Delegación

Los ajedrecistas de Bueu también a favor del Instituto 'Joham Carballeira'

REDACCION

El "Club Xadrez Bueu" elabora su "V Festival de Xadrez" para el mes de Julio